

A literatura galega entre 1916 e 1936

(1)

A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.

- 1.- Introducción: contexto histórico e liñas xerais da literatura deste período
- 2.- A poesía das Irmandades da Fala
 - 2.1.- Noriega Varela
 - 2.2.- Ramón Cabanillas
- 3.- Antoloxía de textos

1.- Introducción: contexto histórico e liñas xerais da literatura deste período

O inicio do século XX vén marcado por unha serie de importantes transformacións económicas e sociais. Comeza a desaparecer a fidalguía rendista que acaparaba a propiedade das terras, a medida que se vai consolidando unha burguesía industrial e financeira. O desenvolvemento acelerado da industria e do sector dos servizos provoca o crecemento das cidades galegas e un progresivo éxodo cara a elas da poboación rural.


A nivel sociolingüístico, o galego continúa a ser a lingua claramente maioritaria da poboación, aínda que vinculada case exclusivamente aos sectores rural e mariñeiro. O castelán é o idioma hexemónico da sociedade e acapara os ámbitos formais de uso. O nacemento do movemento nacionalista marcará un importante camiño de defensa, promoción e dignificación da lingua galega e a proxección desta a sectores nos que aínda non tiña presenza. Reclama unha autonomía política para Galiza e a oficialización do galego. Ao redor del moveranse os principais grupos de autores da literatura deste período, o das **Irmandades da Fala** e o do **grupo Nós**.

Despois do esplendor da poesía do Rexurdimento, o inicio da literatura do século XX caracterízase por unha **continuidade temática e formal da meirande parte dos autores das Irmandades**, que ofrecen en xeral poucos elementos novidosos. Simultánea á poesía deste grupo, comeza a desenvolverse, a partir da segunda década do século, unha literatura completamente renovadora, marcada pola influencia das vangardas europeas, que é encarnada pola xeración novecentista.

En canto á prosa, destaca de xeito sobresaínte a achega dos homes do grupo Nós, que producen as primeiras novelas modernas da literatura galega e dan lugar ás primeiras mostras do ensaio en galego. Tamén son os principais representantes do teatro deste período.


2.- A poesía das Irmandades da Fala

Dentro deste contexto histórico, cómpre salientar o nacemento dun importante movemento agrarista, dirixido por organizacións como **Acción Gallega**, liderada por **Basilio Álvarez**, que realiza unha loita radical pola abolición dos foros (contratos que obrigaban os campesiños a pagar unhas rendas abusivas polo usufruto das terras) e que terá unha gran repercusión na poesía das Irmandades, especialmente na de **Ramón Cabanillas**.



As liñas poéticas predominantes dentro deste grupo de autores son as mesmas do século anterior: o **costumismo ruralista**, o **historicismo celtista** (continuador da poesía **Pondal**), o **intimismo sentimental** (continuador de parte da obra de **Rosalía**) e a **reivindicación cívica** (continuadora da poesía de **Curros**). Trátase daquela dunha **poesía continuísta**, que ofrece poucas novidades a respecto da do Rexurdimento, con autores como **Noriega Varela**, **Crecente Vega** ou **Vitoriano Taibo**. O único que ofrece unha parte da súa obra orixinal e renovadora é **Ramón Cabanillas**, o principal poeta deste grupo.

2.1.- Noriega Varela



A súa obra poética está recollida nun único volume, **Do ermo**, que foi aumentando entre 1904 (1ª edición, co título de *Montañesas*) e 1946. Nela, distínguense con claridade dúas liñas diferentes:

- **Costumismo ruralista.** Enmárcase dentro da corrente do descritivismo paisaxista e de costumes propia da tradición decimonónica: métrica popular, temática rural, escenas costumistas (descrición detallada de escenas cotiás, costumes, paisaxes, tradicións, personaxes típicos...) [V. texto 1].
- **Lirismo da natureza.** Enfatízanse as cousas humildes da paisaxe, a partir dunha visión simple e franciscanista da natureza. Saliéntase a importancia dos pequenos elementos da natureza (como resultado da

creación divina) fronte á desprezable presenza do elemento humano. Moitos dos poemas que integran este apartado son moi breve e de métrica extremadamente simple; outros, manifestan unha expresión máis culta e refinada, con emprego de formas cultas, como o soneto, na que se reflicte unha influencia dos poetas clásicos latinos e do saudosismo portugués. [V. textos 2 e 3].

2.2.- Ramón Cabanillas




Participa de maneira activa no movemento nacionalista, sendo membro das Irmandades da Fala e do Seminario de Estudos Galegos e un dos fundadores do Partido Galeguista. Tamén se compromete activamente co movemento agrarista co que entra en contacto en Cuba. Ademais da súa importante produción lírica, escribe teatro (**A man da santiña** e **O mariscal**) e algúns outros textos de prosa. É o poeta máis relevante deste grupo e o que ofrece aspectos máis renovadores, entre os que destaca a **incorporación do modernismo á poesía galega**. Recolle influencias moi variadas, que vai desde os poetas greco-latinos clásicos

até o saudosismo portugués, pasando polo modernismo hispano, os autores galegos do Rexurdimento (sobre todo, Curros e Rosalía) e a tradición folclórica galega.

A súa obra poética ofrece dous subxéneros con características moi diferentes: a poesía lírica e a poesía narrativa. A **poesía lírica** caracterízase pola súa simplicidade. Predomina o verso de arte menor, fundamentalmente octosílabos con rima asonante nos versos pares, e un vocabulario e unha sintaxe sinxelos. Dentro desta modalidade encontramos tres temáticas:

- **Poesía costumista.** Ofrece unha temática paisaxista, de descrición de momentos da vida de aldea do día a día e de costumes e personaxes típicos, cun interese por transmitir elementos de carácter sensorial. [V. texto 5]
- **Poesía intimista.** Presenta unha temática amorosa, de rememoración de vivencias do pasado, cunha identificación coa natureza de evidente herdanza rosaliana. **A Rosa das cen follas** é a obra máis característica desta tendencia. [V. texto 6]
- **Poesía cívica.** Aínda que non é a máis abundante, a temática cívica é sen dúbida a máis representativa deste autor. Entroncando directamente coa poesía reivindicativa de Curros Enríquez, Cabanillas móstrase como un escritor comprometido coa realidade do país para criticar cun extraordinario radicalismo as inxustizas sociais. Denuncia a opresión do campesiñado polos comportamentos caciquís da época, representando os postulados do movemento agrarista da época. Tamén realiza unha importante reivindicación da identidade nacional de Galiza fronte ao poder asoballador de Castela. A nivel formal, esta poesía caracterízase por presentar un estilo directo e coloquial e un ritmo moi marcado e regular que a aproximan ao ton das proclamas políticas. Algúns dos poemas cívicos máis célebres de Cabanillas son “Acción gallega” (himno da asociación agrarista do mesmo nome) [V. texto 8], “En pé” [V. texto 9], ambos pertencentes a **Da terra asoballada**, un dos libros máis relevantes desta tendencia, xunto con *No desterro* e *Vento mareiro*, ou “Lume no pazo”, este último cunha elaboración estética superior aos anteriores [V. texto 10].



A **poesía narrativa** de Cabanillas é moi diferente da lírica, tanto a nivel temático como formal. A gran obra desta modalidade é **Na noite estrelecida**, que pasa por ser o mellor poema narrativo da literatura galega. Insírese dentro da temática da denominada “materia de Bretaña”, ofrecendo unha versión galeguizada da mítica lenda dos cabaleiros do rei Artur, na que algúns dos episodios máis relevantes da obra, como a aparición da espada Escalibor ou o encontro do santo Grial aparecen localizados en Galiza. Defende, como na poesía cívica, a identidade nacional do pobo galego, que aparece caracterizado como un pobo celta de ilustre pasado. O libro componse de tres sagas ou partes, denominadas “A espada Escalibor”, “O cabaleiro do santo grial” e “O soño do Rei Artur”. Unha das novidades principais da obra é a introdución de elementos modernistas, pouco frecuentes na literatura galega e que se manifestan, entre outras cousas, polo emprego do verso alexandrino (verso de 14 sílabas). A nivel formal, este libro destaca pola súa gran elaboración, polo seu léxico culto, pola súa sintaxe complexa e pola profusión de recursos retóricos, entre os que destacan a comparación, a metáfora e a hipérbole. Na métrica, alternanse os xa citados versos alexandrinos cos octosílabos e as sextinas rubenianas. [V. texto 7].

3.- Antoloxía de textos

1

"Fale meu bisavó"

O que a Galicia mal queira
pode vivir sosegado:
fun o vinteito á feira
e non vin unha monteira,
nin un dengue colorado.

Quezaís alguén me non crea:
os sombreiros de Sevilla
están de moda na aldea,
e n'hai bonita nin fea,
que non chufe coa toquilla.

Pon medo, así eu teña a Dios:
na vida dos meus avós
un mantelo jera un tesouro!,
e menos dunha onza de ouro
non se mercaba un dos bos.

Agora campa o percal,
i algunhas, que nin pra sal
teñen un carto no peto,
visten ¡que meten respeto!,
i hastra se enfouzan con cal [...]

2

A brétema

Prá miña filla Cándida

A brétema, ¿tu sabes?, é ceguiña:
os piñeirales pouco a pouco explora,
e anda sempre descalza, e se se espiña,
sangrar, non sangra; pero chorar, chora...

Chora copiosamente a probresíña!
como chorou Xesús, cal chora a aurora,
e en mans do sol é cada lagrimiña
derramada unha estrela brilladora...

Lagrimiñas preciosas!, recollelas
mil veces se me ocorre, pra con elas
facer... (se xa non soño, ¿que eu faría?)

¿Unha sarta me pides? Lograreina,
¡como un rei a quixera pra unha reina!,
como nunca se veu na xoiería.

NORIEGA VARELA, *Do ermo* (1920)

3

É unha breve pucharquiña
sobre un enorme penedo.

Sen fatuidade urbana
míranse naquel espello
as froriñas dun carpazo,
a ramaxe dun esvedro,
linda pastora de Anaigo,
i as estreliñas do ceo.

É unha breve pucharquiña
sobre un enorme penedo.

TARDE BAIXA

4

**Sol de outono no mar calmo fungue o lume;
alá, lonxe, chirra un carro no camiño;
canta a ágoa no rodicio do muíño
e arrecende dos fiunchos o cheirume.**

**Por enriba dos tellados rube o fume;
esbardallan as lavercas antre o liño;
roxa lúa, con fasulas de meniño,
aparesce da montana sobre o cume.**

**Zoa a mística campana. Nos lameiros
unha flauta; a dos sapos agoireiros.
Anda o trasno gargallando nos pinares.**

**Van e veñen luces roxas polo monte.
As rapazas van con medo cara á fonte.
Bravo, céltigo aturuxo fende os ares.**

5

Na taberna

Os mozos mariñeiros da fiada
lémbrense rindo alleos de coidados;
cheira a aceite e pemento requemados
rustido de xurés en caldeirada.

Conta o patrón nun corro a treboada
do ano setenta –historia de afogados–
e empuxándose, inando¹, entran mollados
os homes dunha «lancha de enviada».

Pasa de man en man a xerra roiba
de albariño, e namentres cae a choiva
e o vento fai tembrar a casa enteira,

detrás do mostrador clarexa o ceo
nas trenzas de ouro, no mirar sereo,
na sorriso de luz da taberneira.

RAMÓN CABANILLAS, *No desterro*

¹ inar: respirar con dificultade.

6

Camiño, camiño longo,
camiño da miña vida,
escuro e triste de noite,
e triste e escuro de día...
¡camiño longo
da miña vida!

Vereda, vereda torta
en duras laxes aberta,
arrodeada de toxos,
crebada polas lameiras...
¡camiño longo
da miña vida!

Camiño, camiño longo.
A choiva, a neve e as silvas
enchéronme de friaxe,
cubrironme de feridas...
¡vereda torta,
ti onde me levas!

Vereda, vereda fonda
de fontes tristes, sin ágoa;
sin carballos que den sombra,
ninchouzas que den pousada...
¡vereda fonda,
ti cando acabas!

O cabaleiro do Sant Grial

No castelo que se alza nun rochedo da serra
onde esquece os traballos e os estrondos da guerra,
Rei Artur, fazañoso, xunta os seus cabaleiros,
en virtude os mellores e na loita os primeiros,
amparo dos humildes, espellos de lealdade,
sonados de valentes en toda a cristiandade.

Des que xuntos os vira, ten gran contentamento
e arredor dunha mesa failles honra de asento.
Rei Artur por cabeza, como máis principal,
Gundemaz dunha banda e da outra Pasifal,
soio resta baleiro un sitial enloitado
no que reza este nome: «Galahaz, o Esperado».

Medianoite por filo, cando o galo cantaba,
Rei Artur ós seus nobres deste xeito falaba:
«El Señor foi servido, descendo do seu trono,
encher de claridade as tebras do meu sono,
e faguerme mandado de que os limpos de mal
terán de ir, penitentes, conquistar o SANT GRIAL,
o cáliz do misterio, a copa milagreira
onde a trágica noite da Cea Derradeira,
ardendo en lume sagro, aceso polo amor,
súa sede de martirio apagou El Señor».


Tales verbas ouvidas, erguéronse os guerreiros
e, movidos do Ceo, despiron os aceiros
e na cruz das espadas xuraron de ir á Empresa,
e todo foi pasado en arredor da mesa
e todos eran cheos da fe divina e fonda,
e de entón foron ditos «Os da Táboa Redonda».

No punto que faguían o sagro xuramento,
unha luz de milagre tremelou no aposento
e abatéronse as portas e pareceu no estrado,
onde o asento baleiro, Galahaz o Esperado.

Sen espada na vaina, sen espora ni' escudo,
ten a gracia dun neno, mais o porte barudo,
como espigas do trigo os cabelos dourados,
a cor como de rosas, os ollos azulados
e a cruz sagra, vermella como aberta ferida,
na brancura do traxe, sobre o peito garnida.

Ó ver o cabaleiro e o fermoso claror
todos quedan suspensos e louvan a El Señor. [...]

RAMÓN CABANILLAS, *Na noite estrelecida*



Himno de Acción Gallega

¡Irmáns! ¡Irmáns gallegos!
¡Dende Ortegal ao Miño
a folla do fouciño
fagamos rebrillar!

Que vexa a Vila podre,
coveira da canalla,
a Aldea que traballa
disposta pra loitar.

Antes que ser escravos,
¡irmáns, irmáns gallegos!
que corra o sangue a regos
dende a montaña ao mar.

¡Ergámonos sen medo!
¡Que o lume da toxeira
envolva na fogueira
o pazo señorial!

Xa o fato de caciques,
ladróns i herexes, fuxe
ao redentor empuxe
da ialma rexional.

Antes que ser escravos,
¡irmáns, irmáns gallegos!
que corra o sangue a regos
dende a montaña ao val.

RAMÓN CABANILLAS,
Da terra asoballada (1917)

En pé

¡Irmáns! En pé, sereos,
a limpa fronte erguida,
envoltos na brancura
da luz que cae de riba,
o corazón aberto
a toda verba amiga,
e nunha man a fouce
e noutra man a oliva,
arredor da bandeira azul e bran
arredor da bandeira de Galicia,
¡cantémo-lo dereito
á libre nova vida!
Validos de traidores
a noite da Frouseira
á patria escravizaron
uns reises de Castela.
Comestas polo tempo,
xa afrouxan as cadeas...

¡Irmáns asoballados
de xentes estranxeiras,
ergámo-la bandeira azul e branca!
¡E ó pé da enseña da nazón galega
cantémo-lo dereito
a liberta-la Terra!
¡Irmáns no amor á Suevia
de lexendaria historia,
¡en pé! ¡En pé dispostos
a non morrer sen loita!
¡O día do Medulio
con sangue quente e roxa
mercámo-lo dereito
á libre honrada chouza!
¡Xa está ó vento a bandeira azul e branca!
berremos alto e forte:
¡«A nosa terra é nosa»!

RAMÓN CABANILLAS, *Da terra asoballada* (1917)

Lume no pazo

Prendeu lume no pazo.

A roxa labarada
alumea a campía.

Atronan as campanas
o val.

Quentan o aire
espesas bafaradas
de fume.


Corre a xente,
berrando, atolondrada.

Ó arde-lo cume, as tellas
enroxecen e estalan.

Caen, cruxindo, as vigas,
e o lume ás catro bandas
envolve a torre.

Müxen
de medo os bois nas coadras.

A xente rube ó adro
pra ver onde é a desgracia
e, ó mirar cara ó pazo,
detense amontoada.



Érguense as mans ó ceo
e sanguíñenta, tráxica,
refréxase nos ollos
a roxa labarada.

E un velliño, moi vello,
de guedelliñas brancas,
que vive de milagre,
xantando cando xanta,
vestido de farrapos
e durmindo cando cadra,
—todo por mor dun preito
de rendas atrasadas,
no que os donos do pazo
deixárono sen nada—,
ollando cara ó lume,
rise, barulla e fala
de ir busca-lo gaiteiro
para que toque a gaita.

R. CABANILLAS, *Vento mareiro* (1926)